

## NEGOCIACIÓN CONVOCATORIAS DE PAS FUNCIONARIO

### ACTA Nº 3

#### ASISTENTES

##### UNIVERSIDADE DE VIGO

Manuel Fernández Jauregui, Xerente  
José M. Fernández Viña, Xefe do Servizo de PAS

**Redacción de acta:**  
María Isabel Fernández Uría

##### XUNTA DE PERSOAL FUNCIONARIO DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Xoan M. Cebro Martínez (Presidente - CIG)  
María José Ríos Santomé (Secretaria - CIG)  
Fernando Troncoso Merino (CIG)  
Alejandro Cadabón Figueroa (UGT)  
Mónica Méndez López (UGT)

Os membros da Universidade de Vigo relacionados, previa a correspondente convocatoria, mantiveron unha reunión ás 11:15 horas do día 17 de abril de 2018, no edificio da Xerencia coa seguinte

#### ORDE DO DÍA

##### 1. Lectura e aprobación da acta da reunión anterior.

Debido a que a Xunta de PAS ainda non remitiu as alegacións ao acta nº 1 e que as relativas ao acta nº 2 as enviou onte a tarde, polo que a Xerencia non tivo tempo para revisalas, acórdase retrasar a aprobación para a seguinte reunión.

##### 2. Negociación das convocatorias:

- promoción interna aos subgrupos C1 e A2
- acceso libre á Escala de Letrados

O Xerente reitera que o seu obxectivo principal neste proceso de negociación das convocatorias de Letrado e de promoción interna é chegar a un acordo. Indica que con este ánimo se estudaron os documentos presentados pola Xunta de Pas na anterior reunión e se achega un novo texto das convocatorias de promoción interna que entrega aos membros.

Respecto da convocatoria de Letrado, lembra que se trata do resultado dun traballo minucioso e moi amplio por parte e diversos servizos, para cubrir unha praza que moi relevante para a universidade, polo que debe manter a proposta inicial. Na promoción ao subgrupo C1 acéptase a proposta da Xunta de PAS e se suprimiría un dos exames, polo que só tería un, mantendo o requisito da titulación, ao igual que na convocatoria de T.E. de Servizos Xerais negociada cos Comités de



# UniversidadeVigo

Empresa, aínda que a anterior convocatoria desta categoría non a esixira. Tamén se reducen de 3 a 2 os exames na promoción ao subgrupo A2.

O Xerente insiste de novo que accede a estas peticións da Xunta de PAS coa finalidade de acadar un acordo, e facelo coa máxima brevidade, porque os compañeiros demandan que se publique a convocatoria e se lles dea a oportunidade de promocionar o antes posible. Neste sentido, propón reunirse novamente a vindeira semana.

O Presidente da Xunta de PAS afirma que precisan estudar os novos documentos e que están de acordo con continuar a negociación a vindeira semana.

Tras consultar a dispoñibilidade dos membros, acórdase realizala o vindeiro 26 de abril, ás 12 horas.

Sen máis asuntos que tratar péchase a reunión ás 11:40horas.

